

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 27 de xaneiro de 2010**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Carlos López Font  
D. Eudasio Álvarez Álvarez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro

**Invitados:**

D. Angel Rivas González

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día vinte e sete de xaneiro de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**2(45).- PROPOSTAS DE ACTUACIÓN CORRESPONDENTES AOS INVESTIMENTOS XESTIONADOS POLA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO EN BASE AO FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E SOSTENIBILIDADE LOCAL EN MATERIA DE EDUCACIÓN E DUN CARRIL BICI. EXPTE. 33/105.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do concelleiro da Área de Xestión Municipal, do 26.01.09, que di o seguinte:

*Con data 27 de outubro de 2009, o BOE publica Real Decreto Lei 13/2009, de 26 de outubro , polo que se crea o Fondo Estatal para o emprego e a Sostenibilidade Local, polo que se crean un Fondo*

*Estatut de Inversión Local co obxectivo de contribuír a sustentabilidade económica, social e ambiental polo que se denomina Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade Local.*

*Posteriormente, con data 3 de novembro se publica no BOE a Resolución de 2 de novembro de 2009, da Secretaria de Estado de Cooperación Territorial, pola que se aproba o modelo para a presentación de solicitudes, as condicións para tramitación dos recursos librados con cargo o Fondo Estatal para Emprego e a Sustentabilidade Local creado polo Real Decreto-Ley 13/2009, de 26 de outubro.*

*A Resolución de 2 de novembro de 2009, da Secretaria de Estado de Cooperación Territorial, recolle no apartado “terceiro, punto 3, apartado c)” que como parte dos requisitos das solicitudes, deberá aportarse entre outros documentos; “Acordo do Pleno ou da Xunta de Goberno do Concello, según proceda, na que se aprobe a realización da inversión proxectada”.*

*En base os aspectos expostos e tendo en conta que o importe máximo concedido ao Concello de Vigo ascende a 31.967.669,00 €, a través do presente expediente, proponse a realización das seguintes inversións proxectadas nos ámbitos de Educación e dun carril-bici por un importe total de 693.400,01 € (seiscientos noventa e tres mil catrocentos euros con un céntimo) que se corresponden según o cadro anexo.*

*Polos motivos expostos e atendendo as competencias da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, propónse a aprobación da seguinte proposta:*

*“Que se aprobe a realización dos seguintes investimentos proxectados correspondentes a área de xestión municipal do Concello de Vigo, en materia de Educación e dun carril-bici, por un importe total de 693.400,01 € (seiscientos noventa e tres mil catrocentos euros con un céntimo) , que se corresponden as actuacións descritas no cadro adxunto, de acordo o Fondo Estatal para Emprego e a Sustentabilidade Local creado polo Real Decreto-Ley 13/2009, de 26 de outubro e pola Resolución de 2 de novembro de 2009, da Secretaria de Estado de Cooperación Territorial.*

ÁREA	DENOMINACIÓN PROXECTO	INVESTIMENTO OBRA		REDACCIÓN PROXECTO		DIRECCIÓN OBRA		IMPORTE TOTAL (C/ IVE)
		Importe s/ IVE	Importe c/ IVE	Importe s/ IVE	Importe c/ IVE	Importe s/ IVE	Importe c/ IVE	
Edu- ca- ción	Proxecto de rehabilitación e ampliación de escola infantil. Rúa Casiano Martínez.	220.000,00 €	255.200,00 €	12.146,22 €	14.089,62 €	12.352,94 €	14.329,41 €	283.619,03 €
	Proxecto de rehabilitación e ampliación de escola infantil. Rúa Tomás Alonso.	220.000,00 €	255.200,00 €	12.146,22 €	14.089,62 €	12.352,94 €	14.329,41 €	283.619,03 €
Xardíns	Proxecto de adecuación de carril bici na Avda. Castela.	106.522,43 €	123.566,02 €	895,15 €	1.038,37 €	1.342,72 €	1.557,56 €	126.161,95 €
TOTAL XERAL:								693.400,01 €

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **3(46).- AUTORIZACIÓN PARA CONTINUAR COA EXPLOTACIÓN DA CONCESIÓN DE DOMINIO PÚBLICO DA PRAZA ELÍPTICA. EXPTE. 18206/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 21.01.10, conformado polo titular de Asesoría Xurídica e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

#### *NORMATIVA DE APLICACIÓN:*

*Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*

*Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).*

*Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*

*Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas (LPAP).*

*Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*

*Lei 13/1995, de 18 de Maio, de Contratos das Administracións Públicas (LC).*

*Texto Refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (LCAP).*

*Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*

*Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*

#### *ANTECEDENTES:*

*O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria de data 29 de maio de 1998, acordou adxudicar en réxime de dominio público a redacción do proxecto, construción e explotación dun aparcadoiro e locais comerciais de usos terciarios na denominada Praza Elíptica e a urbanización do PERI I-5 a PRAZADOURO, S.L., por un período de 99 anos, de conformidade co prego de condicións administrativas aprobadas por acordo plenario de data 27 de xaneiro de 1998, e a oferta presentada. Acordo de adxudicación formalizado en documento administrativo, suscrito entre as partes en data 23 de xuño de 1998.*

*Por sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 11 de novembro de 2004, ditada no recurso administrativo 02/0006149/1998, anuláronse os acordos plenarios de datas 29 de maio de 1998 e 27 de xaneiro de 1998 aprobatorios, respectivamente, da adxudicación da concesión administrativa de dominio público da Praza Elíptica e do prego de condicións técnicas e cláusulas administrativas particulares con base ó cal se adoptou tal acordo de adxudicación. Esta sentenza*

deveu firme ó ser inadmitido, por auto do Tribunal Supremo de data 6 de xullo de 2006, o recurso de casación interposto por este Concello contra a mesma.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

*Primeiro.- O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, impón ás partes a obriga de cumprir as sentenzas, na forma e termos consignados nestas. Neste senso, unha vez que a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 11 de novembro de 2004, ditada no recurso administrativo 02/0006149/1998 adquiriu firmeza, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 4 de xuño de 2007, tomou razón e acordou o cumprimento da mesma.*

*Segundo.- A declaración de nulidade do acto de adxudicación dun contrato, cando sexa firme, como no caso que nos ocupa, levará en todo caso consigo, por imperativo dos artigos 66.1 da LC e 65.1 da LCAP (lexislación vixente ó tempo da celebración do contrato e da posterior declaración de nulidade, respectivamente), a nulidade do mesmo contrato, que entrará en fase de liquidación. No mesmo senso se pronuncia o vixente artigo 35 da LCSP. Así, firme a sentenza e declarada nula a concesión, é preciso proceder a liquidar a mesma. E durante este período liquidatorio a administración e explotación da Praza Elíptica correspóndelle ó Excmo. Concello de Vigo.*

*No entanto, durante a tramitación do expediente contradictorio para a liquidación da concesión de dominio público para a redacción do proxecto, construción e explotación dun aparcadoiro e locais comerciais de usos terciarios na Praza Elíptica e a urbanización do PERI I-5 é preciso, en aras do interese público, determinar o modo de continuar coa xestión do servizo público implicado.*

*O artigo 65. 3 da LCAP permite, no caso de que a declaración administrativa de nulidade dun contrato producise un grave trastorno ó servizo público, dispoñer no mesmo acordo de nulidade a continuación dos efectos do contrato anulado e baixo as mesmas cláusulas, en tanto se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo.*

*No presente caso, aínda que a nulidade foi declarada por resolución xudicial, e tendo en conta que, por unha banda, a Administración municipal carece de medios adecuados para asumir a xestión directa da concesión de dominio da Praza Elíptica, e que, por outra banda, non existe unha regulación específica para o suposto que nos ocupa, parece que a mellor solución para continuar coa adecuada xestión da Praza Elíptica é aplicar por analogía o precepto citado e autorizar a PRAZADOURO, S.L. a continuación na explotación da concesión en tanto se proceda a liquidación do contrato e, no seu caso, de optarse de novo por un modo de xestión indirecto, á posterior adxudicación do mesmo.*

*Cuarto.- A explotación do aparcadoiro e das instalacións da praza elíptica implica un uso privativo do dominio público. É uso privativo o que determina a ocupación dunha porción do dominio público, de modo que se limite ou exclúa a utilización do mesmo polos demais interesados (artigos 85 LPAP e 75 RBEL).*

*É regra xeral no noso dereito a necesidade de título habilitante, outorgado pola autoridade competente, para a ocupación de bens de dominio público ou para a súa utilización en forma que exceda o dereito de uso que corresponde a todos (artigo 84 LPAP), como acontece no presente caso. O título habilitante procedente neste caso sería a concesión administrativa (artigo 86 LPAP), toda*

vez que o uso privativo dos bens de dominio público que determine a súa ocupación con obras ou instalacións fixas deberá estar amparado pola correspondente concesión administrativa.

No entanto, estimase máis convínente para os intereses municipais non outorgar unha nova concesión en tanto non se liquide ó devandito contrato, e durante o período liquidador optase por conceder unha autorización en precario a PRAZADOURO, S.L., que lle permita continuar coa xestión ordinaria da Praza elíptica. En consecuencia, PRAZADOURO, S.L., poderá continuar realizando todos os actos de xestión e administración necesarios para a xestión da Praza, incluso a celebración de novos contratos, se ben estes últimos se extinguirán automaticamente no momento en que a presente autorización sexa deixada sen efecto pola Administración municipal, e non implicarán en ningún caso obrigas para a Administración municipal salvo que con carácter previo a súa celebración se poñan en coñecemento da Xunta de Goberno Local e esta autorice a celebración dos mesmos.

Quinto.- O órgano competente para o outorgamento da presente autorización é a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no artigo 127 LBRL.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Autorizar a PRAZADOURO S.L. a continuar coa xestión da concesión de dominio público da Praza Elíptica, con sometemento a regulación da mesma prevista no prego de condicións técnicas e cláusulas administrativas particulares aprobado definitivamente por acordo plenario de data 27 de xaneiro de 1998, e conforme á oferta presentada, durante a tramitación do expediente contradictorio para a liquidación desta concesión, e no seu caso, ata a realización dunha nova adxudicación.

2º.- A celebración de actos de gravame e disposición de dereitos derivados da concesión, incluídos os arrendamentos, e en xeral actos e contratos que excedan da administración ordinaria da concesión requirirán a autorización municipal, sen a cal os ditos actos non vincularán á Administración municipal. Transcorrido o prazo de un mes dende a solicitude de autorización sen que se teña notificado resolución expresa, entenderase outorgada a autorización.

3º.- Esta autorización non xerará dereito ningún a favor de PRAZADOURO S.L. distintos dos que puidera ostentar no seno da concesión.

4º.- Esta autorización poderá deixarse sen efecto pola Administración municipal en calquera momento, e sen dereito a indemnización, cando así o estime oportuno para unha mellor defensa dos intereses públicos implicados.

5º.- Para a efectividade do presente acordo PRAZADOURO S. L deberá prestar a súa conformidade ó mesmo, no prazo dos 15 días seguintes a recepción da súa notificación, mediante comparecencia nas dependencias do Servizo de Contratación por persoa que acredite ostentar a súa representación legal.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dezaoto minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.